

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019402	IES Pazo da Mercé	As Neves	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua castelá e literatura II	2º Bac.	3	87

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

Esta programación didáctica elaborou-se adaptando o modelo establecido no CAPÍTULO VI da RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

Este departamento ten como expectativa formar cidadáns suficientemente competentes en lingua castellana, noutras palabras, dotar o alumnado das necesarias e adecuadas ferramentas lingüísticas para se desenvolver en situacións cotidianas e formais con normalidade, sempre tendo en conta a situación de cooficialidade coa lingua galega, a fin de evitar interferencias. Por outro lado, a competencia lingüística en si é a principal ferramenta para a adquisición dos demais coñecimentos e para o desenvolvemento autónomo deses cidadáns na vida cotidiana, tanto para a comprensión dos contidos dos medios de comunicación como para as relacións coa administración, desde un acceso digno á cultura até unha formación que provexa de saídas profesionais para a mellora das condicións sociais e persoais. Conseguir conxugar estes catro puntos cardeais non é tarefa sinxela, por tanto, o profesorado deste departamento ten de contar cos medios máis ao alcance, coa dotación do centro, coa preparación suficiente e coa dedicación que se requere. A proposta desta programación está suxeita aos axustes que foren necesarios, que se reflectirán nas actas do departamento.

A distribución de grupos por membros do departamento para o ano lectivo 2023-24 vai ser a seguinte:

Montserrat Santos Barroso: 1 ESO A e B, 2 ESO A e B, 3 ESO A, 4 ESO A responsábel da Biblioteca e do Club de Lectura.

Juan Ignacio Alonso Suárez: 4 ESO B, 1 Bacharelato A e B, 2 Bacharelato, Literatura Universal e xefe do departamento.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural de España e a riqueza dialectal do español, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para refutar os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando tanto a súa calidade como a súa fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto a diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes da literatura española e hispanoamericana, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e profundar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Poñer as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e evitando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Gramática (Unidades 1 a 5)	A Gramática nos niveis morfolóxico, sintáctico e semántico. Sintaxe: oracións compostas e complexas.	35	40	X	X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Literatura (Unidades 9 a 17)	Historia da literatura española desde finais do s. XIX até a actualidade e a Literatura Hispanoamericana do s. XX.	35	37	X	X	X
3	Lenguas y dialectos de España (Unidade 8)	A lingua e as súas variedades xeográficas, sociais e individuais. Linguas de España. O español actual.	15	5		X	
4	Los textos (Unidades 6 e 7)	Os textos académicos: monográficos, resumos, comentarios críticos, presentacións... Textos expositivos e argumentativos.	15	5		X	

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Gramática (Unidades 1 a 5)	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Redactar escritos con corrección léxica, ortográfica e gramatical.	PE	80
CA5.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Ler, comprender e interpretar textos de ámbitos variados.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Revisar textos proporcionados e explicar as expresións usadas, erros localizados e outros aspectos gramaticais.		
CA5.5 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Redactar e presentar traballos sobre aspectos académicos.		
CA5.3 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os textos redactados e corrrixir os erros detectados.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
2	Literatura (Unidades 9 a 17)	37

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluído o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Ler as obras propostas.	PE	95
CA4.2 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Interpretar as obras propostas e compará-las con outras manifestacións artísticas e culturais e coa propia experiencia.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Analizar temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos das obras literarias propostas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura española ou hispánica do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Elaborar traballos ou presentacións sobre aspectos da literatura española desde finais do s. XIX até os nosos días.		
CA4.5 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Identificar erros nos propios textos e solucioná-los usando os coñecementos adquiridos sobre léxico, gramática e ortografía para facilitar a comprensión no receptor.		
CA4.6 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Detectar usos discriminatorios, manipuladores e de abuso de poder en textos, valorá-los no contexto en que foron producidos e argumentar a súa conveniencia.	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Selección das obras relevantes, incluído o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.</li> <li>- Participación activa no circuío literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.</li> <li>- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.</li> <li>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.</li> <li>- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura.</li> <li>- Lectura guiada de obras relevantes da literatura española do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero arredor de tres eixes: (1) Idade de Prata da cultura española (1875-1936); (2) Guerra Civil, exilio e ditadura; (3) Literatura española e hispanoamericana contemporánea. Procesos e estratexias.</li> <li>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.</li> <li>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.</li> <li>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- tradición literaria.</li> <li>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.</li> <li>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Lenguas y dialectos de España (Unidade 8)	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con especial atención ao galego e ao castelán, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das linguas e os dialectos en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Localizar xeograficamente as variedades lingüísticas de España e coñecer os principais trazos que as distinguen. Diferenciar os usos formais e informais nos seus contextos.	PE	65
CA2.7 - Identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Detectar e corrixir erros en discursos e textos.		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explicar o porqué do uso de determinadas palabras, expresións ou estruturas en textos onde se incluíron propositadamente ou non.		
CA2.9 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Recoñecer e evitar os usos discriminatorios referidos ao uso das distintas linguas.		
CA5.3 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os propios textos e localizar as interferencias lingüísticas para as corrixir.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explicar o porqué do uso de determinadas palabras, expresións ou estruturas en textos onde se incluíron propositadamente ou non.		
CA1.2 - Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Respeitar a riqueza multicultural e lingüística de España. Coñecer os dereitos legais en materia lingüística e rexeitar a discriminación por eses motivos.	TI	35
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Recoñecer e evitar os usos discriminatorios referidos ao uso das distintas linguas.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	Coñecer os mecanismos que fundamentan os usos diglósicos e discriminatorios das linguas.		
CA2.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso das ferramentas adecuadas e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles rumbos da información.	Ler e analizar criticamente informacións provenientes das redes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As linguas de España e os dialectos do español.</li> <li>- Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística.</li> <li>- Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros.</li> <li>- Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua española.</li> <li>- Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística.</li> <li>- Detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.</li> <li>- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Alfabetización informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. A xestión de</li> </ul>

## Contidos

- contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
4	Los textos (Unidades 6 e 7)	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender textos escritos académicos ou dos medios de comunicación e tirar conclusións do seu contéudo.	PE	70
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Analizar o contéudo e a forma de textos.		
CA2.7 - Identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Corrixir erros de expresión, ambigüidades e outros problemas de comprensión en textos propios ou alleos.		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Usar a terminoloxía adecuada e coherentemente en análises de textos.		
CA2.9 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Analizar os elementos presentes en textos ou discursos que impliquen discriminación, manipulación ou abuso de poder.		
CA3.3 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Redactar textos sobre temas do currículo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Mellorar o estilo de redacción dos propios textos.		
CA3.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen organizar e integrar a información en esquemas propios; reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Redactar traballos de investigación.		
CA3.6 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica.	Corrixir os textos propios para melloralos usando os coñecementos adquiridos.		
CA3.7 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	Argumentar de forma razoada, crítica e positiva as opinións diferentes.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Comprender discursos orais (explicacións, conferencias, exposicións).		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Analizar a forma e o contido de discursos.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, atendendo á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia.	Usar fontes variadas de información.		
CA2.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso das ferramentas adecuadas e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles rumbos da información.	Analizar, contrastar e verificar informacións criticamente.	TI	30
CA3.1 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Facer exposicións e presentacións orais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Colaborar na a elaboración de traballos en equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo.</li> <li>- Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Interpretación dos xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.</li> <li>- Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.</li> <li>- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Alfabetización informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.</li> <li>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Análise das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e da súa aplicación nos textos.</li> <li>- Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.</li> <li>- Localización e clasificación de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.</li> <li>- Detección e análise das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración dos tempos verbais.</li> <li>- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo.</li> <li>- Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación de textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

## Contidos

- Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación.
- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Emprego axeitado das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e nos textos propios.
- Uso dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Utilización adecuada de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Establecemento das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As unidades do manual de Lengua Castellana y Literatura de 2º de Bacharelato están organizadas segundo a seguinte distribución:

- Unidades 1 a 5: Gramática. (Unidade 1 desta programación)
  - Unidades 6 e 7: Xéneros discursivos no ámbito académico. Textos xornalísticos e publicitarios. (Unidade 4 desta programación)
  - Unidade 8: Linguas en contacto. O español na actualidade. O español de América. (Unidade 3 desta programación)
  - Unidades 9 a 17: Historia da Literatura. (Unidade 2 desta programación)
- Para facer máis amena, máis variada e máis equilibrada a ensinanza dos conteúdos, esas unidades van-se dar alternadas da seguinte maneira ao longo do ano escolar:
- 1º Trimestre: 1, 2, 9, 10, 11, 3, 4, 12 (Gramática e Literatura)
  - 2º Trimestre: 5, 6, 7, 13, 8, 14 (Gramática, Literatura, Textos e Linguas en contacto)
  - 3º Trimestre: 15, 16, 17 (Literatura)

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Lengua Castellana y Literatura II, ed. Casals
Encerado Dixital Interactivo
Materiais impresos (fotocopias, imprenta) e non impresos (cadernos do alumnado, bolígrafos...)
Espazos: salas de aula e locais de estudos externos (bibliotecas, domicilio...).
Materiais dixitais: físicos (computadores, impresoras, memorias extraíbeis, retroproectores...) e lóxicos (programas e aplicativos, conexión a Internet, correo electrónico, Aula virtual...).

Libros de lectura obrigatoria:

- Romancero gitano, de Federico García Lorca
- La fundación, de Antonio Buero Vallejo
- El lector de Julio Verne, de Almudena Grandes
- Crónica de una muerte anunciada, de Gabriel García Márquez

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana do curso, o profesorado vai ter en conta tanto os informes do ano anterior como o coñecemento personalizado do alumnado e a súa situación educativa, co obxecto de tomar as decisións profesionais de actuación máis adecuadas. O seu carácter será apenas informativo e non se terá en conta para as cualificacións trimestrais nin finais. Esta avaliación, deseñada segundo o xuízo do profesor, consistirá:

- 1) na observación do nivel e das capacidades do alumnado en actividades na aula,
- 2) nunha proba específica (ou as que se consideraren convenientes).

En ambos os casos van-se observar no alumnado polo menos os seguintes aspectos:

- comprensión leitora (conteúdo de textos, tema, estrutura, resumo...),
- expresión escrita (coherencia, cohesión, puntuación, ortografía),
- gramática (clasificación morfolóxica de palabras e análise sintáctica),
- literatura (xéneros, cuestionario de conteúdos, comentario de texto...).

O referente da proba van ser os graus mínimos establecidos nos cursos ou etapas anteriores.

Así e todo, tamén é recomendábel e desexábel que no inicio de cada unidade didáctica se valoren os coñecementos previos do alumnado sobre os conteúdos a tratar.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>35</b>	<b>35</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	95	65	70	<b>82</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	5	35	30	<b>18</b>

#### **Criterios de cualificación:**

### **Nota final: media aritmética das tres avaliacións.**

Nota trimestral: media ponderada de

-Exames (media aritmética das probas) 80%

-Traballos (monográficos, presentacións etc.) e seguimento da actividade diaria: 20%

Ortografía: van-se descontar 0,3 por cada erro ortográfico e de acentuación, até un máximo de 2 puntos sobre a cualificación das probas de exame, dos traballos específicos e da actividade do alumnado.

Arredondamento: a partir das 50 centésimas a nota vai-se arredondar á unidade seguinte (ex. 5.49=5; 5.50=6).

Calquer irregularidade fraudulenta detectada durante a realización dos exames comportará que a nota sexa 0. Consideran-se irregularidades consultar anotacións disimuladas ("chuletas"), intercambiar ou copiar respostas do exame doutro alumnado, consultar apuntamentos ou o manual, usar accesorios electrónicos (teléfonos móbiles, auriculares, reloxios intelixentes etc.), intercambiar información oralmente ou por escrito entre o alumnado, así como calquer outra axuda, maña, astucia ou ardil non permitidos. Así mesmo, se o profesor, xa durante a corrección ou baixo algunha outra circunstancia, der en sospeitar que algún membro do alumnado fixo algunha irregularidade, pode-lle requerer que repita o exame, parte del se for necesario ou recuperar a avaliación.

Na confección dos traballos impresos ou dixitais, copiar literalmente, «cortar e colar», presentar producións alleas como propias, plaxios ou substitucións de calquer tipo implicarán que a nota do traballo ou presentación sexa 0.

#### **Criterios de recuperación:**

Van-se poder realizar recuperacións das avaliacións previas non aprobadas no inicio do 2 ou 3 trimestre ou xa no final do curso nunha proba global. Se a cualificación das recuperacións for superior, o seu valor substituirá a obtida con anterioridade a efectos da media da nota final ordinaria; se for inferior, vai-se manter a nota máis alta.

No caso dos traballos que non superaren a calidade exixida ou incorreren en plaxio, van-se establecer uns prazos no final do terceiro trimestre para os entregar convenientemente redixidos.

Ortografía: para recuperar o desconto, nun prazo establecido, vai-se repetir a tarefa ou traballo convenientemente corrixidos ou ben, sobretudo no caso de probas escritas, van-se entregar exercicios específicos que posibiliten a autocorrección en posteriores probas ou producións.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

No caso de alumnado que presentar necesidades específicas de aprendizaxe, por procedencia doutros países, por incorporación tardía ao sistema educativo ou por calquer outro motivo, inclusive altas capacidades intelectuais, será preciso adoptar as medidas individuais ou colectivas máis adecuadas, ben de apoio, ben de reforzo para a integración, ben adaptacións curriculares. Para tal efecto, han-se de seguir as directrices da ORDE de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Estas medidas van-se realizar en colaboración cos tutores correspondentes e co departamento de Orientación.



## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Emprendimento social e empresarial	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e a non-violencia	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade		X		X
ET.10 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X
ET.11 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X
ET.12 - Formación estética		X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X

### Observacións:

Ademais van-se tratar estes outros:

Educación vial e seguridade viaria

Educación responsábel do lecer e tempo libre

Educación para a sustentabilidade e o consumo responsábel

Prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social

Valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquer tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
------------	------------	----------	----------	----------

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a funcións teatrais	Asistencia a representacións teatrais. Conforme avanzar o ano lectivo van-se anunciar as saídas que foren surxindo en función da oferta cultural de institucións públicas ou privadas.		X	
Celebración do Día do Libro	Colaboración coa Biblioteca do Instituto para actividades relacionadas coa celebración do Día do Libro.		X	
Celebración das Letras Galegas	Colaboración coa Biblioteca do Instituto, o departamento de Lingua Galega e Literatura e o Equipo de Dinamización Lingüística para actividades relacionadas coa celebración do Día das Letras Galegas.			X
Clube de Lectura	Actividade de fomento da lectura de textos non incluídos na programación.	X	X	X
Escolas Unesco	Colaboración coa Rede do Plano de Escolas Asociadas da UNESCO en España (Rede PEA) nas actividades que propuxeren.		X	
Recital músico-poético	Anxo Abalde, do departamento de Música, e Alfredo Pérez, profesor de LCL, fan un percorrido musicalizado pola poesía española do s. XX.	X		

#### Observacións:

Xa que o obxectivo é profundar nos contidos da materia, o alumnado será informado da importancia destas actividades nos contidos curriculares e da súa avaliación. Así mesmo, van-se realizar tarefas relacionadas coas actividades antes ou despois de cada unha para motivar ou avaliar o aproveitamento delas.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Consulta e cumprimento a programación didáctica ao longo do curso (temporalización coa prevista).
Metodoloxía empregada
Dou a coñecer ao alumnado elementos da programación como obxectivos, contidos e criterios de cualificación.
Selecciono as actividades en función do nivel do alumnado.
Propoño actividades que favorezan a aprendizaxe autónoma (busca de información, traballos, etc.).
O alumnado sabe en que se vai basear a súa avaliación e esta concorda co traballo de aula.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Motivo o alumnado comunicando-lle os obxectivos e a finalidade das actividades, relacionando os contidos con situacións reais, informando-o da utilidade e creando expectativas.
Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...).

Medidas de atención á diversidade
Adopto estratexias metodolóxicas diversas atendendo á diversidade do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordeno-me co resto do profesorado do departamento.
Outros
Utilizo diferentes tipos de instrumentos para avaliar os alumnado.

**Descrición:**

Escala de valoración:

0=Nunca, 0%

1=Algunhas veces, <25%

2=Habitualmente, >25%

3=Mui habitualmente, >50%

4=Case sempre, >75%

5=Sempre, 100%

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Vai-se realizar polo menos unha avaliación trimestral de seguimento da programación, que estará suxeita a posíbeis modificacións a través da aplicación PROENS e que se reflectirán no libro de actas e na memoria final, para valorar:

a. A revisión e o axuste da programación docente e, se for o caso, explicar as causas das diferenzas producidas.

b. A consecución dos obxectivos e competencias polo alumnado e a análise das diferenzas advertidas.

**9. Outros apartados**